Servizos Públicos
Autonómica

# Informa-t

# FUNCIONARIZACIÓN BOMBEIROS/AS FORESTAIS: RESOLUCIÓNS DE CONVOCATORIA DOS PROCESOS

*Santiago de Compostela 03/09/21*

Publicadas hoxe as Resolucións de convocatoria de funcionarización do persoal do SPIF das seguintes especialidades e escalas:

**Bombeiro forestal xefe de brigada, do corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, grupo B, do persoal laboral fixo pertencente á categoría 100 do grupo III (bombeiro/a forestal xefe/a de brigada).**

- **Requisitos das persoas aspirantes**:
  - Ser persoal laboral fixo da Xunta de Galicia da categoría 100 do grupo III (bombeiro/a forestal xefe/a brigada) que ocupe un posto dos establecidos no anexo.
  - Reunir os requisitos xerais establecidos para o acceso aos corpos e ás escalas de administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, deberán estar en posesión ou en condicións de obter o título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural, ou equivalente. Non será necesaria a súa acreditación, dado que esta información se atopa no correspondente expediente persoal das persoas interesadas.
  - Figurar na listaxe de postos do anexo á presente convocatoria.
- O persoal laboral fixo a que se refire a presente resolución de convocatoria será funcionarizado no subgrupo C1 mentres non se desenvolva regulamentariamente o grupo B, segundo se establece na disposición transitoria única do Decreto 165/2019, do 26 de decembro.
- O persoal laboral fixo que teña participado e superado algún dos procesos de promoción interna convocados polas ordes do 18 de setembro de 2017, participará no procedemento de funcionarización desde o grupo e a categoría en que se lle teña adxudicado un destino provisional, segundo figure nas resolucións do 29 de xuño de 2021.
- **Solicitudes.**
  - O persoal laboral fixo que desexe participar no proceso deberá facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado gratuitamente na internet.
  - O prazo para formalizar telematicamente as solicitudes será de **20 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.**
- A **toma de posesión** efectuarase con carácter **definitivo no mesmo posto** que viñese ocupando como persoal laboral.
- O **persoal laboral fixo** que **supere** o proceso de funcionarización **desde un destino** con carácter **provisional tomará posesión** como persoal funcionario de carreira **con ese carácter.**
- O persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización poderá tomar posesión no posto que estaba ocupando **en adscrición temporal**, **sempre que se trate dun posto vacante**. Neste caso a toma de posesión **será con destino provisional**. **Terá a opción de escoller** tomar posesión **no posto** que **tiña en propiedade ou no posto que ocupe en adscrición temporal.**

Na **Comisión de Persoal do pasado día 6 de agosto**, foi sometida a votación a presente **Resolución**, **UGT votou EN CONTRA** pola controversia xerada por **Función Pública** ao introducir como clave na súa **decisión de considerar** a **homologación de Capataz Forestal cun Ciclo Formativo de Grao Medio**, o **informe** que sobre a cuestión puidera evacuar a **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**.

**Puxémonos á disposición** daquelas **persoas que estando en posesión do Título de Capataz Agrícola**, nas súas diferentes especialidades, **para solicitar ante o Ministerio a equivalencia cunha titulación de Formación Profesional do sistema educativo de Técnico Auxiliar en Agraria**, a todos os efectos, que **daría acceso á acreditación do requisito para a funcionarización no Subgrupo C1.**

## Escala auxiliar do SPIF do corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2.

**Relación de categorías do grupos IV e V de persoal laboral da Xunta de Galicia obxecto de funcionarización**

| Categoría | Prazas | Corpo | Escala | Especialidade |
|---|---|---|---|---|
| 33 do grupo IV (bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba) | 110 | Auxiliares de carácter técnico | Escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais | Bombeiro forestal-condutor motobomba |
| 10B do grupo V (vixilante fixo/a defensa contra incendios forestais) | 159 | | | Emisorista-vixilante/a fixo/a |
| 10C do grupo V (emisorista defensa contra incendios forestais) | | | | |
| 14 do grupo V (bombeiro/a forestal) | 411 | | | Bombeiro forestal |
| 14A do grupo V (bombeiro/a forestal condutor) | | | | |

- **Requisitos das persoas aspirantes:**
    - Ser persoal laboral fixo da Xunta de Galicia das categorías establecidas no anexo I que ocupe un posto dos establecidos no anexo II.
    - Reunir os requisitos xerais establecidos para o acceso aos corpos e ás escalas de administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso, deberán estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica de graduado/a en ESO ou equivalente. Non será necesaria a súa acreditación, dado que esta información se atopa no correspondente expediente persoal das persoas interesadas.
    - Figurar na listaxe de postos, para cada corpo ou escala, do anexo II á presente convocatoria.
- O persoal laboral fixo que teña participado e superado algún dos **procesos de promoción interna** convocados polas ordes do 18 de setembro de 2017, **participará** no procedemento de funcionarización **desde o grupo e categoría en que se lle teña adxudicado un destino provisional**, segundo figure na resolución do 29 de xuño de 2021.
- No **caso de que se lle teña adxudicado máis dun destino provisional** e así figure no anexo de postos, o persoal laboral fixo unicamente **poderá funcionarizarse no destino en que se atope na situación de servizo activo.**
- **Solicitudes.**
    - O persoal laboral fixo que desexe participar no proceso deberá facelo constar no modelo de solicitude que será facilitado gratuitamente na internet.
    - O prazo para formalizar telematicamente as solicitudes será de **20 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.**

*Secretaría de Autonómica UGT Servizos Públicos Galicia*
*Correo electrónico: sindicato-uxt@xunta.gal*
*www.fespugt.es  www.facebook.com/FESP-UGT-Galicia-Autonómica*